

ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción libre, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de condutor/a tractorista incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2021, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 07.11.2024, nomeado mediante Resolución de alcaldía 196/2025, de data 26.02.2025, en sesión do 06.05.2025 acordou:

Primeiro.- O obxecto da sesión é o de proceder á resolución dunha alegación presentada fronte aos acordos do Tribunal na corrección do segundo exercicio da oposición, realizado o 10.04.2025, que foron publicados o 11.04.2025 e fronte aos que se concedeu un prazo de audiencia de 5 días hábiles.

Fronte a estes acordos presentou alegacións Carlos Blanco Vila, no rexistro de entrada 202599900001008 do 16.04.2025, solicitando *“la anulación de la prueba y que se repita respetando los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y entre otros transparencia, imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección e independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de estos para todos los opositores”*.

Logo de ver o exposto na reclamación do aspirante, o Tribunal conclúe o seguinte:

* No que respecta ao exercicio coa desbrozadora do tractor comprobouse que a máquina funcionaba correctamente, posto que tanto un aspirante antes como tres despois do alegante, realizaron o exercicio correctamente. O que aconteceu foi que o alegante pulsou todos os botóns e, entón por seguridade, a máquina bloqueouse. Por tanto, non se trata de que a máquina non funcionara correctamente, senón de que o aspirante non sabía utilizala correctamente e por tal motivo non pode obter puntuación na proba. Certamente, unha vez bloqueada a máquina polo alegante, o Tribunal viuse obrigado a chamar a un mecánico para desbloqueala, mais non porque o tribunal non soubese utilizala para realizar as funcións/tarefas requiridas aos aspirantes senón para garantir que non se produciran maiores danos na máquina e tivera que suspenderse a proba para o resto de aspirantes.

* No que se refire á Lei de Protección de datos o Tribunal non aprecia que concorra ningún incumprimento, pois o aspirante aceptou a gravación das probas e soamente os membros ou asesores do Tribunal podían utilizar dispositivos de gravación. É certo que os dispositivos utilizados non son de propiedade do Concello, máis iso débese a que o Concello non dispón de tales medios de gravación e, en cambio, o Tribunal precisaba gravar todas as probas prácticas desde distintos ángulos para demostrar no seu caso, ante eventuais reclamacións, a exactitude e precisión das súas valoracións.

* No referente ao anonimato, o art. 4.c) do R.D. 896/1991 establece que *“na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes”*. Diso dedúcese que a norma non obriga a garantir o anonimato nas probas prácticas, o cal é lóxico porque nunha proba consistente en valorar a precisión na utilización de maquinaria e elementos, non existe o modo de garantir o anonimato. O Tribunal ten que valorar a corrección de cada aspirante e para iso é necesario que esa persoa realice a proba ante os membros do Tribunal. Neste caso realizouse un desbroce, polo que non hai incumprimento da normativa.

* No tocante ao exercicio de recoñecemento de sinais, trátase dunha proba escrita de contido práctico, polo que debe considerarse como unha proba práctica. Ademais, se ben é certo que podería terse feito respectando o anonimato, dada a súa corrección con criterios automáticos porque a resposta é correcta ou non, en realidade na corrección non existe diferenza entre anonimizala ou non. Sexa como for, ese defecto tampouco sería causa de nulidade nin desa proba nin de todo o exercicio realizado o 10.04.2025, porque non concorre ningunha das causas taxadas que establece o art. 47 da Lei 39/2015 (que ademais deben interpretarse con carácter restritivo, consonte á pacífica xurisprudencia recaída na materia). De feito, consonte ao art. 48.2 da Lei 39/2015, como máximo poderíamos atoparnos ante unha irregularidade de forma non invalidante porque ese eventual defecto non é un requisito formal indispensable para que o acto alcance o seu fin nin da lugar a indefensión.

Polo exposto, o Tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación do aspirante Carlos Blanco Vila e manter, nos seus termos, os acordos previos respecto da valoración do segundo exercicio da oposición.

Segundo.- Convocar aos aspirantes que superaron o 2º exercicio da oposición para a realización do 3º, que terá lugar na Casa do Concello de Fene o vindeiro luns 19 de maio de 2025 as 12.00 h.

En Fene, asinado dixitalmente o día 08.05.2025 pola secretaria do tribunal, Ana María Santano Martínez.